

NON á proposta de ratios do SERGAS para Atención Primaria

Isto non é planificación. É chegar tarde, a propósito.

QUE PASOU

- O SERGAS levou á Mesa Sectorial a súa proposta de persoal para Atención Primaria.
- Presenta decisións elaboradas previamente en grupos de traballo externos, con persoas escollidas por ela mesma.
- Desprezando o ámbito no que está representado o persoal.

O MÁIS GRAVE

Primeiro, sobrecarga. Despois, quizais, a praza.

- Terás que demostrar **minimo un ano** que estás sobrecargada ou sobrecargado.
- Non se ten en conta para a creación de prazas o envellecemento, a cronicidade, a dispersión nin a complexidade.

CATEGORÍA A CATEGORÍA

Medicina de familia	Exisen para crear unha praza unha media no servizo de máis de 1500 TIS e dunha media anual de máis de 36 asistencia diarias no servizo. Incumpre as 30 asistencia diarias acordadas.
Pediatría	Exisen para crear unha praza unha media no servizo de máis de 1200 TIS e dunha media anual de máis de 30 asistencia diarias no servizo. Incumpre as 25 asistencia diarias acordadas.
Enfermaría	As prazas non poden depender doutros colectivos. Debe contar a súa carga propia: domicilios, prevención e comunitaria.
Dietética-Nutrición	Eran 94 prazas. Quedaron en 45. Cero incremento para 2027-2030. E tres anos despois, sen carteira de servizos desenvolta.
Saúde bucodental	Máis carteira de servizos, mesma dotación: 1 por cada 25.000 persoas. Esiximos 1 por cada 15.000 TIS.
Farmacia	Recoñecen máis envellecemento e cronicidade. Pero non aclaran con que criterio fixarán o persoal.
Traballo Social	Non vale tirar de hospitais, Política Social ou concellos. Primaria necesita Traballo Social propio. Coordinar non é substituír.
Podoloxía	7 prazas en 2027. 14 en 2030. Sen carteira, sen circuitos, sen poboación diana.
TCAE	Só 1 TCAE onde hai fisioterapia e/ou odontoloxía. No resto, nada garantido.
Matronas	Ratio insuficiente para atender ás mulleres en todo o seu ciclo vital.
PSX	1 PSX por cada 6 axendas. Ignora teléfono, atención presencial, citacións, reprogramacións, fenda dixital, dispersión e picos de demanda.
PACs	Non se respectan os acordos. Máis de 30 asistencia/garda implica incremento estrutural. Considera o SERGAS que sería necesario un incremento dun 40 %, é dicir, 42 asistencia/17 h ou 63 asistencia/24 h.
Fisioterapia	Queren incorporar unha nova carteira de servizos sen concretar como calcular a ratio de profesionais.

CIG-SAÚDE DI CLARO

- Non a unha Primaria planificada desde un despacho.
- Non á sobrecarga como requisito para crear prazas.
- Estas propostas consolidan a sobrecarga nos centros.
- Non fan falta máis estudos. Falta persoal nos centros.
- Esiximos negociar de verdade coa representación do persoal.

Persoal suficiente. Xa.

CIG-Saúde
Setembro 2026